

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN DE FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE, PARA A FINANCIACIÓN CONXUNTA DE CONTRATOS DE OBRAS PARA AMPLIACIÓN DE HALL, MELLORA ENERXÉTICA E TRABALLOS NA PISTA DE ATLETISMO.

En Santiago de Compostela, a 23 de outubro de 2018, na sede da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

REUNIDOS

Dunha parte D. _____, conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, nomeado para o devandito cargo polo Decreto 148/2016, de 13 de novembro, actuando en exercicio das competencias atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia.

E doutra, D. _____, en calidade de alcalde-presidente do Concello de Ourense e vicepresidente segundo desta Fundación, exerce as funcións de vicepresidente primeiro executivo e por tanto representante legal da Fundación Feiras e Exposicións de Ourense, por ausencia do presidente titular e do vicepresidente primeiro, tal e como se establece nos artigos 24 e 25 dos Estatutos desta Fundación. Que tomou posesión coma membro do Padroado desta Fundación con data 18 de xuño de 2015.

Interveñen en función dos seus cargos respectivos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Consellería de Economía, Emprego e Industria, en adiante, a consellería, segundo o artigo 1 do Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, de competencias en materia de comercio interior e especificamente, a promoción, fomento, modernización, desenvolvemento do comercio e a programación e xestión de axudas destinadas a estes fins, o impulso do asociacionismo comercial e da asistencia técnica comercial en colaboración con outras institucións e entidades. Concretamente, o programa 751A, que xestiona a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, contempla a renovación do sector do comercio e a promoción de sectores e produtos galegos, apoiando as actuacións desenvolvidas polas fundacións feirais para acadar o nivel de competitividade desexábel cara os mercados nacionais e internacionais e que incidan no seu maior desenvolvemento e viabilidade. Para iso, estase a traballar nun novo plan de estratexia para a optimización dos recintos feirais, que incide directamente sobre estes obxectivos, na procura dunha diversificación dos usos do recinto e nunha mellora da calidade das instalacións.

SEGUNDO.- A Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, no sucesivo, a fundación, ten como obxecto a consecución de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial do comercio, ao que a súa denominación e fins se contraen, sendo unha das súas finalidades primordiais a realización de actividades promocionais, e a tal fin vén desenvolvendo no recinto feiral que xestiona, actuacións que se concretan fundamentalmente en feiras, certames e exposicións e, segundo os artigos 6 e 7 dos seus estatutos, a organización de eventos deportivos e certames que poñan en valor o deporte. Neste sentido, no ano 2016 a Xunta, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, proxectou e executou unha pista de atletismo indoor hidráulica e homologada, coa tecnoloxía máis avanzada, cun orzamento de 3,2 millóns de euros procurando un mellor aproveitamento dos espazos diversificando os usos e que responde á necesidade e conveniencia de que os entes institucionais aseguren a súa viabilidade

maximizando os recursos dos que dispoñen. Preténdese incrementar a mellora do recinto e modernización das súas infraestruturas mediante a licitación, adxudicación e execución dos traballos enumerados no Anexo I deste acordo, sen prexuízo das actuacións preparatorias que sexan precisas.

TERCEIRO.- A celebración deste convenio ten como finalidade atender ás necesidades que presenta as instalacións do recinto feiral de Expourense, incidindo na compatibilidade entre o uso deportivo e o feiral, mediante o subministro de determinados accesorios na pista de atletismo e a ampliación do hall do recinto feiral máis a mellora enerxética e audiovisual dos medios de que dispón o recinto.

As partes consideran que a mellora da competitividade do recinto feiral e a posta en valor dos seus recursos favorece o desenvolvemento de actividades nas súas instalacións e a viabilidade do mesmo, mediante a mellora das instalacións, ampliando en catrocentos metros cadrados os recintos expositivos mediante a prolongación do hall de entrada e mellorando aspectos de eficiencia enerxética e medios técnicos. Dado o interese coincidente da consellería e a fundación, acordan a formalización deste acordo de colaboración.

CUARTO.- A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, regula a colaboración no ámbito do sector público autonómico partindo dos principios de colaboración, cooperación e asistencia recíprocas coa finalidade de garantir a eficacia do sector público e o uso eficiente dos recursos públicos.

Prevese que esta colaboración no ámbito interno do sector público se faga efectiva a través de certos instrumentos tales como protocolos de colaboración, grupos de traballo, encomendas de xestión, acordos de colaboración ou cooperación para o desempeño de tarefas comúns e outros.

Neste sentido, a consellería ten a firme vontade de emprender actuacións no recinto da Fundación que redunden na súa mellora e optimización de todos os recursos existentes incluíndo os deportivos. A fundación ven xestionando de forma claramente exitosa o recinto feiral e para elo conta cos medios e o persoal necesarios para levar a cabo a licitación pública e a execución dos traballos de eficiencia enerxética, mellora de medios técnicos numerados no Anexo I subministro para a pista de atletismo, mediante a contratación conxunta nos termos anteditos recollidos na Lei 14/2013, posto que se trata de artellar un instrumento de cooperación dirixido a posibilitar a consecución dunha finalidade común para ambos os dous órganos.. En definitiva, considérase oportuno e beneficioso para o interese público que a fundación lle preste a súa colaboración á consellería para levar a cabo a contratación conxunta dos traballos.

QUINTO.- O presente convenio incardínase no disposto no artigo 15 da Lei 14/2013, de cooperación para o desempeño conxunto de tarefas, mediante a participación efectiva no desenvolvemento dunha actividade común, e tal e como establece o artigo 15.4 da mesma Lei, o convenio atribuirá a tramitación e adxudicación do contrato ao órgano de contratación que conte cos medios técnicos máis especializados na materia obxecto do contrato.

Tal e como establece o artigo 16. b), para a concreta contratación conxunta entre a consellería e a fundación, o órgano designado para a contratación conxunta será Expourense, co pago da totalidade do prezo por parte desta, previa transferencia por parte da consellería con cargo ao seu orzamento.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, para o financiamento das actuacións que se enumeran no Anexo I no recinto feiral e na pista de atletismo do que é titular a fundación, en concreto, ten por obxecto a licitación, adjudicación e execución do contrato das obras e subministracións no recinto feiral e máis na pista de atletismo.

SEGUNDA.- As partes obríganse ás seguintes condicións:

A consellería obríganse a realizar as seguintes actuacións:

- O financiamento do importe total do contrato tal e como se establece na cláusula terceira para o cal levará a cabo as actuacións contables necesarias para proceder á transferencia de crédito á Fundación Expourense.
- A consellería colaborará, cando así llo solicite a fundación, no desenvolvemento das actuacións necesarias na elaboración dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.
- Prestar, cando lle sexa requirido pola fundación, en calquera das fases na que se atope a execución do presente acordo de colaboración a axuda e colaboración técnica necesaria para desenvolvelo satisfactoriamente.

A fundación obríganse a realizar as seguintes actuacións, no seu caso:

- Realizar os actos e negocios xurídicos propios da preparación, selección de contratista, adjudicación e execución de contratos públicos que sexan precisos para a execución do obxecto do convenio.
- Asumir, no caso de que así se requirise, a realización das xestións pertinentes ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licenzas ou autorizacións regulamentarias, no seu caso, que necesariamente deban ser solicitadas pola fundación.
- O pagamento ao contratista, nos termos establecidos no contrato e segundo prezo de adjudicación, unha vez recibidos de conformidade e certificados por Expourense.

Calquera competencia que lles corresponda en virtude da normativa de aplicación.

TERCEIRO.- A consellería achegará o total do financiamento dos dous proxectos, cun orzamento total de NOVECIENTOS VINTE SETECENTOS OITENTA E TRES EUROS (920.783€) e que se detallan no Anexo I con cargo á aplicación orzamentaria 09.30.751A.622.1, do orzamento de gastos da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, previa instrumentación da correspondente transferencia de crédito desde a aplicación orzamentaria 09.30.751A.761.3, na que existe crédito adecuado e suficiente.

Os maiores gastos que se deriven da execución do contrato sobre o orzamento de adjudicación, derivados de modificacións contractuais, revisión de prezos ou liquidacións, corresponderán á consellería e requirirán dunha previa addenda a este acordo de colaboración na que se contemple a retención dos maiores créditos precisos. En calquera caso a aprobación de revisións ou modificacións do contrato precisarán a conformidade previa da consellería.

O órgano de contratación, a fundación, iniciará e aprobará o correspondente expediente de contratación, motivando a necesidade do contrato nos termos previstos na lexislación de contratos do sector público, para o que contará tamén coa información facilitada pola consellería.

Nos pregos que rexan a contratación deberá regularse expresamente que na execución da obra de prolongación de hall de entrada, existe responsabilidade conxunta do cumprimento de obrigas tal e como establece o artigo 31.3 da LCSP.

CUARTA.- A realización das actividades e/ou actos e negocios xurídicos necesarios para a execución dos traballos deste convenio por parte da fundación efectuarase a título gratuito, sen que exista retribución ou tarifa.

QUINTA.- A eficacia do convenio para a xestión das actuacións, estenderase ata o 31 de decembro de 2018.

SEXTA.- A consellería comprométese a financiar o total das actuacións que se relacionan no Anexo I para a execución dos contratos de subministracións de elementos para a pista de atletismo hidráulica cuberta de Expourense para os que a fundación será o órgano de contratación. Así mesmo, a consellería comprométese a financiar o total das actuacións que se relacionan no Anexo I para a execución dos contratos de obra e de subministracións no recinto feiral de Expourense para os que a fundación será o órgano de contratación.

Con carácter previo ao inicio dos expedientes de contratación acreditarase a plena dispoñibilidade das cantidades que achegará a consellería, mediante a incorporación deste convenio formalizado e certificado de existencia de crédito e retención correspondente na aplicación dos orzamentos de gastos da dirección xeral de Comercio e Consumo.

Nos pregos que rexan as contratacións deberán regularse expresamente que a execución dos contratos levarase a cabo en concorrencia subxectiva na posición do contratante nos termos da Lei 14/2013.

O órgano de contratación ao que lle corresponda a tramitación e adxudicación dos contratos actuará nos expedientes de contratación e na execución dos contratos en nome e por conta propia da consellería, con base no convenio e poderá exercer todas as potestades que a lexislación recoñece ao órgano de contratación fronte aos contratistas, tal e como establece o artigo 16. b) da Lei 14/2013.

Así, regularase nos pregos de condicións de xeito expreso e claro o órgano de contratación que se ocupará da tramitación, adxudicación e formalización do contrato, a identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública, así como a identificación do órgano destinatario que procederá ao abono das facturas, neste caso a fundación.

Calquera outra modificación no contido deste convenio, requirirá acordo unánime entre a fundación e a consellería.

SÉPTIMA.- Este convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan, ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas, e en particular, de acordo co artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, son causas de resolución do presente convenio:

- 1.- O transcurso do prazo de vixencia sen que se teña acordado a prórroga do mesmo.
- 2.- O acordo unánime de todos os asinantes.
- 3.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes.

Neste caso, estarase ao disposto no artigo 51 c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

- 4.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

OITAVA.- As causas polas que se pode modificar o presente convenio son:

- 1.-Por acordo unánime dos asinantes.
- 2.-De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade e sustentabilidade financeira.

NOVENA.- Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio, e para a solución das dúbidas que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión de Seguimento integrada por dous representantes de cada unha das institucións asinantes que poden estar asistidos polos técnicos que estimen oportunos, previa comunicación da súa designación.

Na comisión de Seguimento e Control, informarase sobre os acordos de modificacións ou variacións que poidan producirse na execución do contrato para a súa aprobación, conforme as limitacións da normativa vixente que sexa de aplicación.

DÉCIMA.- De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas da Xunta de Galicia, a fundación consinte expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ao obxecto deste convenio nos rexistros públicos citados, creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. Así mesmo consinte na publicación do convenio que esixe a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno no artigo 15 referido ás obrigas específicas de información sobre convenios.

UNDÉCIMA.- O presente convenio é de natureza administrativa e consecuentemente, as discrepancias que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán analizadas e resoltas pola comisión de Seguimento e no seu defecto serán obxecto de procedemento de conflito de atribucións nos termos establecidos nos artigos 18 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e 13 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral o do sector público autonómico de Galicia.

Este convenio está suxeito ás obrigas de publicidade impostas polo artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

E, en proba de conformidade, subscríbese este acordo no lugar e data enriba sinalados, por duplicado exemplar e para un único efecto.

POLA XUNTA DE GALICIA
O conselleiro de Economía, Emprego e
Industria

POLA FUNDACIÓN
O vicepresidente segundo

D.

D.

ANEXO I

CADRO ECONÓMICO OBXECTO DO ACORDO DE COLABORACIÓN

ORZAMENTO DE GASTOS ASOCIADOS, DESAGREGADO POR CONCEPTOS	ACHEGA CONSELLERÍA	ACHEGA FUNDACIÓN
Máquina barredora pista	3.485€	0€
Traspaleta para transporte material sobre pista	5.500€	0€
Equipo de 4 publipaneles led deportes	91.960€	0€
Graderío telescópico motorizado (2000 espectadores)	287.000€	0€
Porta xiratoria hall	41.642€	0€
Reforma UTAS cafetería	25.255€	0€
Sustitución luminarias cafetería restaurante	17.200€	0€
Sustitución unidades exteriores climatización principal	55.345€	0€
Grupo electrógeno	60.318€	0€
Proxectos técnicos	15.700€	0€
Vídeowall entrada	33.153€	0€
Pantalla led salón de actos	19.662€	0€
Pantalla led sala de conferencias	5.143€	0€
Mellora accesos internet	15.000€	0€
Varios maquinaria	48.400€	0€
Prolongación do hall de entrada	196.020€	0€
	920.783€	0€